



Carolina Castiñeiras Brandón, concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello da Laracha, ao abeiro do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, presenta para o vindeiro Pleno Ordinario da Corporación o seguinte **ROGO**:

O Servizo Galego de Igualdade é un organismo autónomo da Xunta de Galiza, creado por Lei 3/1991, de 14 de xaneiro, e o seu obxectivo é promover a igualdade de dereitos e a non discriminación entre homes e mulleres, a participación e integración das mulleres na vida social, cultural, económica e política de Galiza. Na actualidade depende da Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade, que por se non o saben, dirixe o BNG. O SGI oferta semestralmente a Centros de Información da Muller (CIM) dos Concellos de todo o país diferentes actividades (programas, charlas, obradoiros...) sen ter en conta, a pesar do que predicán algúns dirixentes do Partido Popular, a cor política dos gobernos municipais.

Isto sucedeu a semana pasada aquí na Laracha. Organizouse un obradoiro que leva por nome "*Quérome*", sobre sexualidade, pero neste concello calquera actividade que se realiza para o ben da cidadanía, sempre agocha unha dobre intención, unha rentabilidade política. En efecto, esa dobre intención levou o equipo de goberno a tentar enganar sutilmente, ou se queren, a confundir. Explícome: en ningún momento nin en ningún medio onde se publicitan aparece o nome da Vicepresidencia, que é quen as promove (na propia páxina web do concello aparece do seguinte xeito "*...o Concello da Laracha organiza, a través do Centro de Información á Muller, o obradoiro de sexualidade "Quérome", dirixido a mulleres en xeral maiores de 18 anos de idade que sexan veciñas da Laracha...*").

Ao remate da charla, faise unha especie de mitin político (a cargo do erario público, como xa é bastante habitual no Partido Popular da Laracha), botándolle flores a Concelleira, dicindo que é unha actividade do CIM e esquecendo mencionar o Servizo Galego de Igualdade e a Vicepresidencia. É a mesma absurda actitude de cando se emperrenchan en chamar "gardería municipal" a "GALESCOLA". E todo isto a escasos meses dos comicios autonómicos.

Désculpennos que sexamos mal pensados, pero semella que neste equipo de goberno a ética política brilla pola súa ausencia. En efecto, comprobamos, que este Goberno Municipal moito se *quere* a sí mesmo.

Por todo isto, **SOLICITAMOS**:

Que, no sucesivo, o Goberno Municipal amose un mínimo de decencia, respecto e decoro político e lealdade institucional cara ás administracións que financian os actos do Concello; e informe debidamente a veciñanza de onde proveñen realmente estas actividades.

A Laracha, 22 de novembro de 2008

Asdo.: Carolina Castiñeiras Brandón,
Concelleira do Grupo Municipal do BNG